

## VILLARES, RAMON

“A Historia”; Editorial Galaxia, Colección “Biblioteca Básica de Cultura Galega”, Vigo, 1984, I.S.B.N. 84-7154-463-6; pp. 266.

Galizia é un Pobo, un País e unha Terra, que ten identidade cultural propia. A xeografía fisterral, o concepto telúrico da terra, o percorrido histórico, os costumes, a cosmovisión humana, a estrutura económica, a rede de relacións sociais, o asentamento humano, o folklore, o Dereito, e outras facianas culturais amosan a un Pobo con personalidade, enteiramente disterada.

Emporén, a concencia da propia personalidade non xurdiu con pulo asobedante hastra a segunda metade do século XIX. A xeira rexeneradora escomenza, de xeito temesiño, con un movemento político, que tén algunha similitude co homónimo catalán, o Provincialismo. Foi un característico baloucazo militar, de arnaxe progresista, aproveitado por un fato de intelectuais pre-galeguistas, que rematou no fusilamento, en 1846, dunha maioría dos protagonistas, máis coñocidos como “Os Mártires de Carral”. O fracaso de laboureira política tracexou unha nova liña de actividade: O “Rexurdimento”, fundamente vencellado ó traballo cultural autóctono, coa rella fincada no eido idiomático. Rosalía (avincallada con Euskal Herria por barazos familiares e literarios), Curros e Pondal encumearon a poesía galega ós máis autos curutos da popularidade e máis da calidade, defendendo, ó tempo, a senlleira particularidade galega. O Federalismo, o Rexionalismo (semellante en moitas bandas ó Fuerismo vasco ou ó Foralismo catalán) e o Agrarismo foron as tres correntes ideolóxico-políticas, que remataron de artellar i estercar o terreo para o frolecemento nacionalista. Nomes como Pereira, federalista; os rexionalistas: Alfredo Brañas, de cerne tradicionalista, e Manuel Martínez Murguía, o home de Rosalía, de feita máis liberal; e Basilio Alvarez, o crego agrarista, barroco, mitineiro e parusiaco, foron conscentes dos aldraxes da terra asoballada e, coa súa aitude, sementaron a carraxe que alentaria o froito nacionalista. A fundación das “Irmandades da Fala”, en 1916 na Cruña, estoupou na Xeración “NÓS”, verdadeiros ourives do nacionalismo e artelladores do seu “corpus” doctinal. O ideólogo Risco, o frofido orador Otero Pedrayo e o atrainte e popular artista Castelao, entre outros, foron os espalladores do ideario nacionalista, mesturando a propaganda política coa laboureira cultural e a

diñificación da lingua galega. O estalo primorriverista reduxo a sementeira ó eido estrictamente cultural, aínda que xunguido a unhas ríxidas fronteiras. Coa chegada da República renóvase, afervoadada e teimudamente, a sacha polos “bós e xenerosos” e fúndase no Nadal de 1931 o Partido Galeguista que, aínda con altibaixos, acadou catro Diputados nas eleccións de Febreiro de 1936. Cando, recién prebiscitado e aprobado por maioría o Estatuto de Autonomía (28-do San Xoán-1936), o horizonte alumaba unha limpeza azur e nidia, a néboa feixista derrubou a esperanza, emporcallando o ceo e o chan galegos co roxo tinxido do sangue.

Unhos galeguistas históricos, outros máis novos e algúns esilados, cimentados no forte achego financeiro da comunidade galega de Bós Aires, decatáronse que a coxuntura cangaba compretamente o inzamento nacionalista e fundaron en 1950 a Editorial Galaxia.

O obxectivo da devandita Editorial era adicarse ó traballo no leira cultural, namentras non amingoase a dureza do réxime franquista. Dentro dos lindeiros que impoñía a censura e con longos anacos tronizados por lixeiras mans i estreitas seseiras, sairon do prelo as obras máis importantes dos vellos intelectuáis i escritores galegos, sempre cando non tanguesen a fruta política. A finalidade de esta aitude, asegún os xestionadores e dirixentes da Editorial, sería espallar a cultura galega de tal xeito que o pobo fose mergullándose inconscientemente nas garimosas augas paragaleguistas. No intre en que se trocasen as condicións políticas, o pobo reloucaría xa galeguista. Certamente o desenrolo da praxis foi moi vagariño, pero a tarefa da Editorial Galaxia é meresciente de gorenteira louvanza.

Dende fai catre anos, Galaxia iniciou o sendeiro de espalancar na cultura galega unha faciana descoñocida: a creación dunha Biblioteca básica, axudada economicamente polas catro Diputacións galegas. Son libros (que o mercado de venda nomea fachendosamente de “bolsillo”), manexables, de xeitura sinxela, non lixadores de economía persoal i escritos enteiramente en língua galega. Están dispostos por seccións, tiduadas: “Galicia”, “Galeguismo”, “Literatura”, “Cultura histórica”, etc., e tratan temas escrusivamente galegos e dende olladas galegas, aínda que hoxe diverxan as posicións no abano ideolóxico galeguista. Mesmamente o libro que agora recensionamos pertence a esta colección.

O autor, Profesor Villares Paz, exerce a docencia na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade Galega, chantada na cabeceira cultural de Galiza: Santiago de Compostela. Xuntamente con outros historiadores e profesores universitarios como Xosé Ramón Barreiro, Ramón Máiz, González Beramendi, etc., integra unha xoven xeración, que teima por afondarnas raigañas e nos caracteres definitorios do desenrolo histórico galego.

A obra contén dez apertados capítulos. O primeiro adícase ó análise dos máis entergos poboadores e asentamentos humanos, sin deixar os caracteres máis crarifcadores do Paleolítico e os da Revolución Neolítica, que en Galiza adoita unha fervenza especial: o forte impacto do Megalitismo, e remata na introdución da metalurxia coa Idade do Bronce, cuxo arte

rupestre enxebre consiste nunhas incisiós en pedras o ár libre: “os petroglifos” (de moitos non se coñece o significado).

A cultura castrexa, que corresponde á Idade do ferro, cuxa singularidade máis notable é un asentamento específico: “O Castro”, tipo do que existen en Galiza entre 2.000 a 2.500, é sinalado pola historiografía tradicional, dende López Cuevillas, como froito da aportación céltica, aínda que hoxe hai unha tendencia a rebaixar a vella singularidade da cultura castrexa, e pasa a ser revisada nos terreos económico, urbano, social e relixioso no capítulo segundo.

A incorporación de Galiza ó Imperio Romano: conquista, organización, explotación dos recursos, transformacións económico-sociais e complexo proceso da romanización, percorre o capítulo terceiro.

A ollada sintética e matificante do profesor Villares afonda no capítulo coarto encol da Galicia Altomedieval. Dous tempos atravesan iste longo período: a crise da romanidade a formación do Feudalismo. A crise modificou a paisaxe e nela difundíuse o cristianismo, aínda que non de xeito homoxéneo como amosa o movemento priscilianista. A formación do feudalismo estivo condicionada pola impronta xermánico-sueva e o proceso de repoboación e señorialización foi propiciado pola nobreza (condes, abades e bispos) e polos reises asturianos e leoneses. O remate foi a integración de Galiza na monarquía astur-leonesa.

Tidua o autor o capítulo quinto: “A Era Compostelana”, polo protagonismo de cibdade do Apóstolo no apoxeo do Feudalismo (expansión da agricultura, renacemento urbano, cambios sociais, e diferente reparto da riqueza, loitas políticas, formación de Portugal) e na configuración dunha cultura tradicional.

No capítulo da crise baixomedieval estudia, o historiador Villares, o relevo das oligarquías e a transición a Idade Moderna a traveso das reformas dos Reises Católicos. O tránsito foi traumático e, despois de 2.<sup>a</sup> guerra “Irmandiña”, perto dunhos 50.000 labregos, artesáns e outros fatos máis pequenos de xente sufriron as represarias dos vencedores.

O Antigo Réxime tivo lumieiras a néboas. Prodúxose un crecemento demográfico, introduxéronse novos cultivos, pero seguían rexindo os vellos foros; houbo xérmolos industrializadores nos lenzos e salazóns, pero desparellados da realidade ou baixo a iniciativa allea; xurdiron ilustrados competentes e tamén as tensións estalaron violentamente.

O século dazanove viviu baixo a longa sombra do Amigo Réxime e unha crise duradeira asolou ó País Galego: emigración da poboación, estancamento agrario, careza industrial e unha sociedade atrasada, de base agraria, dominada pola rexa man do caciquismo político.

No século XX o camiño da industrialización, eslaiado e coxo, quedou coutado polo cambio de traxectoria política, que se operou co estalido “civil” de 1936. Os galegos seguirían inzando as terras do mundo.

O capítulo décimo e derradeiro, cume da obre, está adicado ó análise da formación dunha concencia propia, é decir, ó nacemento i evolución do

Galeguismo dende o primixenio Provincialismo deica chegar ó Nacionalismo da post-guerra.

Eu ben quixera criticar, aínda que fora de xeito pasaxeiro, ou atopar algún pequeno traspés na obra, para afastar do lector as posibles sospeitas de admiración pola capacidade do autor e a simpatía dun sochanado compatriotismo. Pero, a pesares do meu esforzo sincero no uso da lupa calestrante, rendínome a craridade alabarante da obra ben feita e rematada.

A virtude máis lostregante do libro é, ó meu humildoso entender, a aptitude do autor para inserir en 266 páxinas toda a historia de Galicia, sin usar calzador e sin esquencer ningún dos terreos fundamentais de análise no longo proceso histórico de Galicia.

A metodoloxía non ten ningunha falla que zafrañarlle. No aspecto interno comenza cas estruturas de base e rube deica as estruturas de enfesta, artellando dialéctica e interdependentemente as relacións entre as dúas. Na banda esterna: inxerta mapas ilustrativos nos intres xustos i engade, ó remate da obra, textos certamente escollidos de cada época e unha bibliografía fundamental, pero, en verdade, compreta. Cicais os mapas non teñan moita calidade: están en branco e negro, sin coores, son pequenos i é difícil nalgúns atopar os datos. Pero sospeito que a responsabilidade non recae no carrello do autor, senón na editorial, que quixo compaxinar, calidade, precio e intensidade divulgativa.

Coutando por enriba diste atranco, felicito á Editorial e, sobre todo, ó Profesor Villares. Esta felicitación vai adubiada co intenso agarimo saudoso dun galego da diáspora, que se sinte fachendosamente fortecido na concencia galega, cando outro galego xesta unha obra como ésta, obxeto da recensión. O autor percorreu a historia de Galicia sin paixón, pero con amor, sin parcialidade, pero con sana lexanía, e sin sentimentalismo, pero con solidariedade ó seu Pobo.

Aproveito iste intre que me ofresce a R.I.E.V., insiñe e prestixiosa revista vasca, para animar ás Institucións Vascas, que traballan na sementeira cultural, a que escomencen a tarefa de publicar unha “Biblioteca Básica da Cultura Vasca”, dun xeito semellante ó iniciado pola Editorial galega: “Galaxia”. Chegaron, emporén, novas ós meus ouvidos de que “A Sociedade de Estudios Vascos” ten no seu maxín un proxecto moi parello a iste.

Estas percuras son vitais para a recuperación da identidade cultural dos Pobos pequenos, que atopan decote continos atrancos para desenrolar a súa persoalidade.

*Xosé Estévez*